

# UNIDADE 01: O INICIO DA IDADE MEDIA

## Introdución

**Historia** é a ciencia que investiga como vivían as persoas noutras épocas e cales son os feitos máis destacados do pasado.

Para reconstruír o pasado é imprescindible analizar, comparar e interpretar os restos que deixaron os nosos antepasados. Estes restos son as **fontes históricas**. As fontes históricas poden ser:

- As fontes **primarias** son contemporáneas aos feitos sobre os que informan.
- As fontes **secundarias** son posteriores aos feitos sobre os que informan.

Os historiadores dividiron a historia en períodos. A estes períodos chamámoslles **idades da historia** e son: **Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade Contemporánea**.

A **Idade Media** abrangue dende a desaparición do Imperio romano no ano 476 ata o descubrimento de América en 1492

## A fragmentación do Imperio romano

### A ameaza dos pobos bárbaros

Máis alá das fronteiras do Imperio romano vivían unha serie de pobos aos que os romanos chamaban **bárbaros** que significaba estranxeiros.

Pobos bárbaros que procedían do norte e do leste de Europa; eran os **xermanos**. Organizábanse en tribos, dirixidas por unha assemblea de guerreiros que elixían ao xefe.

Os xermanos mantiñan relación cos romanos, unas veces pacíficas e outras, violentas.

A partir do século III, o Imperio romano comezou a sufrir unha profunda crise. Aproveitando esta debilidade, algún pobos bárbaros transpasaron as fronteiras do Imperio.

### A división do Imperio

Ante a grave crise do Imperio romano e a ameaza dos xermanos, no século IV, o emperador **Teodosio** dividiu o Imperio en dúas partes para facilitar a súa defensa: **o Imperio romano de Occidente e o Imperio romano de Oriente**.

En Occidente, os emperadores eran moi débiles e foron incapaces de frear aos xermanos.

En Oriente, o Imperio mantívose outros mil anos, aínda que pasou a chamarse **Imperio bizantino**.

### As invasións xermanas

No ano 476 o xefe xermano destronou o último emperador do Imperio romano de Occidente. Desta maneira púxose fin ao Imperio romano en Occidente.

## Os reinos xermanos

Entre os séculos V e VII, o territorio que ocupara o Imperio romano de Occidente fragmentouse en diversos reinos independentes. Na Galia establecéronse os francos, en Hispania os suevos e os visigodos.



Cada reino estaba gobernado por un rei. Ao principio este era elixido polos nobres. Co paso do tempo, a monarquía fíxose hereditaria. Os reis contaban cun Consello.

### **A relación coa poboación romana**

Os xermanos eran unha minoría respecto da poboación romana e non lles impuxeron o seu xeito de vida as poboacións conquistadas. Pero pouco a pouco ambos os grupos fóronse mesturando:

- Xurdiron novos idiomas
- Creáronse novos sistemas de leis para unificar a poboación.
- Os xermanos abrazaron o catolicismo.

### **A vida cotía nuna aldea xermana**

As sociedades xermánicas eran de carácter rural. A maioría da poboación estaba formada por camperiños que se dedicaban ao pastoreo e a agricultura.

Os campesiños vivían en aldeas.

A terra era a fonte principal de riqueza.

As cidades perderon poboación. A actividade comercial decaeu.

## **O reino visigodo**

### **A formación e a evolución do reino**

Os francos venceron os visigodos e foron expulsados da Galia. Os visigodos establecéronse entón na península Ibérica e fixeron a súa capital en **Toledo**.

O reino visigodo alcanzou a súa plenitude durante a segunda metade do século VI e a primeira metade do século VII. Destacaron varios reis:

- **Leovixildo** que conquistou o reino suevos.
- **Recaredo**, converteuse ao catolicismo.

Na segunda metade do século VII houbo intensos enfrontamentos entre o rei e os nobres. Isto facilitou a conquista musulmá do reino visigodo no ano 711.

### **A organización social e a economía**

Os visigodos que se estableceron na península Ibérica eran unha minoría fronte aos hispanorromanos. Esta desproporción explica que os visigodos aceptasen a lingua, a cultura e a relixión da sociedade hispanorromana.

Os **nobres** e os **clérigos** ocupaban os cargos políticos e eran propietarios de gran parte das terras. A maioría da poboación era campesiños: había **campesiños libres**, que posuían pequenas parcelas, e tamén había **escravos**, que pertencían aos nobres ou á Igrexa e traballábanlles as terras.

A principal actividade económica era a agricultura. As cidades despoboáronse. O comercio tamén entrou en declive, polo que a moeda case desapareceu.

### **A cultura e a arte**

Consérvanse poucos restos de arte visigoda. Contruíron pequenas igrexas de pedra (Santa Comba de Bande, en Ourense). Os visigodos destacaron ademais na ourivaría, fabricando obxectos con pedras e metais preciosos, como xoias e coroas.

## **A evolución do Imperio bizantino**

### **A época de Xustiniano**

O Imperio romano de Oriente sobreviviu outros mil anos co nome de **Imperio bizantino**. A súa capital estableceuse en **Constantinopla**, antes chamada **Bizancio**.

O Imperio bizantino alcanzou o seu maior esplendor en tempos do emperador **Xustiniano**.

Xustiniano tratou de reconstruír a unidade do antigo Imperio romano.

### **Unha sólida organización**

Para gobernar un imperio tan extenso cumpría unha boa organización:

- O **emperador** concentraba todos os poderes.
- Unha ampla rede de **funcionarios**.
- Un poderoso **exército**.

### **A longa decadencia**

A principios do século XV, o Imperio estaba reducido ao territorio da capital, Constantinopla. No ano **1453** os turcos conquistárona e o Imperio bizantino desapareceu.

## **A sociedade e a cultura bizantinas**

### **A sociedade bizantina**

A sociedade bizantina tiña unha **estrutura piramidal**

- Na cúspide estaba o **emperador**.
- Por debaixo situábase o **patriarca de Constantinopla**, que era a máxima autoridade relixiosa, e o **alto clero** e a **nobreza**.
- O seguinte grupo estaba formado polos **artesáns**, os **comerciantes**, os **soldados** e os **campesiños libres**.
- Na base da pirámide estaban os **servos** e os **escravos**.

### **A importancia das cidades**

As cidades tiveron unha importancia moito maior ca nos reinos xermanos de Occidente.

As cidades eran o centro das actividades económicas.

### **Un imperio ortodoxo**

Relixión: cristiáns ortodoxos.

### **A cultura e a arte**

O grego substituíu ao latín.

Os bizantinos edificaron igrexas de **planta de cruz grega** (os brazos da cruz son de igual tamaño) e estaban cubertas por grandes **cúpulas** (cuberta semiesférica dun edificio). Edificio: Basílica de Santa Sofía en Constantinopla.

O interior estaba ricamente decorado con **mosaicos** (debuxo feito con pequenas pezas de pedra) e **iconas** eran pinturas sobre táboas de madeira.

## **A orixe do islam**

### **O berce do islam**

O islam naceu no século VII na península Arábiga, uha rexión árida e desértica situada entre o mar Vermello, o golfo Pérsico e o mar Mediterráneo.



Nesta zona atópanse as cidades de Medina e a Meca.

**Mahoma** comezou a predicar unha nova relixión, o **islam**. Defendía a existencia dun único deus, chamado **Alá**. No ano 622 fuxiu a Medina. Esta data recibe o nome de **hégira** e marca o inicio do calendario musulmán.

### **Os fundamentos da relixión islámica**

As predicacións de Mahoma recóllense no **Corán**, que é o libro sagrado dos musulmáns. Nel descríbense as cinco obrigas fundamentais que debe cumprir todo musulmán:

- Non hai máis deus ca Alá e Mahoma é o seu profeta.
- Orar cinco veces ao día.
- Peregrinar á Meca, polo menos unha vez na vida.
- Non comer durante o mes do Ramadán desde a saída ata a posta do Sol.
- Dar esmola para axudar aos pobres.

### **A expansión do islam**

Tras a morte de Mahoma, os exércitos musulmáns expandiron o islam a través da yihad ou **guerra santa**.

Nos primeiros tempos, o Imperio islámico estivo gobernado desde Medina por parentes de Mahoma. Accederon ao poder por elección e adoptaron o título de **califa**, o xefe político e relixioso de todos os musulmáns.

Os Omeias fixeron hereditario o título de califa, trasladaron a capital do Imperio de Medina a Damasco

A partir do século VIII o poder recaeu na familia dos Abasidas, que trasladou a capital a Bagdad. Os abasidas perderon o control sobre moitos territorios, como é o caso de Al-Andalus, na península Ibérica. Mentras tanto medraba a forza dos turcos, un pobo musulmán procedente das estepas de Asia.

### **A organización política**

- A máxima autoridade do imperio era o **califa**.
- Os **visires** eran consellerios.
- Os **cadís** eran os xuíces.
- Os **valís** gobernaban as provincias
- O emir era un príncipe que exercía de valí

### **A vida cotiá no Imperio islámico**

Aínda que a maioría da poboación vivía no campo, as cidades eran o centro da vida, política, económica, relixiosa e cultural.

As cidades islámicas estaban protexidas por unha muralla. Organizábanse arredor da **medina**, en que se situaban os edificios principais, como a mesquita.

No **zoco** ou mercado os comerciantes vendían materias primas e luxosos produtos.

No **alcázar**, un recinto amurallado, vivían as autoridades e os funcionarios.

Arredor da medina distribuíanse os **arrabaldes** ou barrios populares.

### **A sociedade e a cultura islámicas**

#### **Unha sociedade heteroxénea**



A sociedade islámica era desigual.

- A aristocracia, grandes propietarios.
- O grupo dos notables.
- A maior parte da poboación.

As mulleres estaban sometidas á autoridade do pai primeiro e do marido despois.

### **A arte islámica**

A arquitectura é a manifestación artística máis abundante.

- Emprega materiais pobres como ladrillo, xeso.
- Unha gran variedade de arcos. De ferradura, polilobulado.
- Teitos planos.
- Decoración moi creativa: motivos xeométricos, vexetais e inscricións.
- A auga como elemento estético.

## UNIDADE 02: A EUROPA FEUDAL

### Do reino dos francos ao Imperio carolinxio

#### Creación e organización do Imperio de Carlomagno

Os reis francos eran débiles, foron deixando pouco a pouco o poder en mans dos mordomos de palacio, que eran altos funcionarios.

**Carlomagno** que intentou refundar o Imperio romano de Occidente e impuxo o cristianismo aos pobos sometidos.

#### O goberno do imperio carolinxio

Carlomagno estableceu a súa residencia en Aquisgrán. O Imperio organizouno en:

- **Condados** cando eran gobernadas por un conde
- **Marcas** eran territorios fronteirizos ao mando dun marqués.

Á morte dun rei franco, o reino dividíase entre os seus fillos.

### Unha época de inseguridade

#### As segundas invasións

Cara o ano 1000 Europa estaba dividida en numerosos Estados e reinos, o que facilitou a chegada de novos invasores que arrasaron Europa.

- Os **viquingos** procedían de Escandinavia.
- Os **sarracenos** eran piratas musulmáns que arrasaban as costas europeas.

Estes pobos actuaban con gran violencia o que creou un clima de terror que se estendeu por toda Europa.

### A debilidade dos reis

#### O reducido poder dos reis

Durante os séculos IX e X, os reis tiñan escaso poder. As súas decisións afectaban unicamente aos territorio que estaban baixo o seu dominio directo.

- O exército real era reducido, dependía dos exércitos privados dos nobres.
- Non tiñan poder para cobrar impostos nas terras dos seus vasalos.
- Os monarcas estableceron lazos persoais cos nobres para asegurar a súa fidelidade.

#### As tarefas do goberno

Na Idade Media, os reis non tiñan unha capital fixa. Viaxaban acompañados dun cortejo que formaban a **corte**.

Para que os axudasen nas tarefas de goberno, os reis rodeáronse dun grupo de persoas que formaban o **Consello Real**.

### O feudalismo

#### Servos, vasalos e señores

Ante a violencia das invasións e a debilidade dos reis para defender os seus reinos, os campesiños buscaron a protección dos nobres. A cambio os nobres esixíronlles traballar para eles e someterse a súa autoridade. Así os campesiños convertéronse en servos.

Os nobres estaban ligados ao rei por un pacto de vasalaxe:



- O nobre prestaba homenaxe ao seu señor e convertíase en vasalo: xuraba fidelidade, axuda militar.
- A cambio, o rei concedíalle un feudo, é dicir, unhas terras.

Os nobres podían ter outros nobres como vasalos.

### O feudo

- A **reserva señorial** era a parte do feudo que se reservaba o señor.
- Os **mansos** eran as porcións de terra que o nobre lles concedía aos campesinos a cambio dunhas rendas en forma de diñeiro, de produtos ou de servizos persoais.

Nos seus feudos o nobre impartía xustiza e cobraba impostos.

## A sociedade estamental. A nobreza

### A sociedade estamental

A sociedade medieval estaba dividída en tres grupos chamados **estamentos**:

- A **nobreza** estaba integrada polos cabaleiros e as súas familias. A súa misión era defender á poboación.
- Os **clérigos** eran os monxes e os sacerdotes. A súa misión era rezar.
- Os **traballadores** eran principalmente campesiños. Encargábanse de producir.

A nobreza e o clero eran estamentos **privilexiados**, non pagaban impostos e non realizaban traballos manuais.

### Os nobres

Algúns eran donos de grandes feudos e outros só pusuían as súas armas e o seu cabalo.

As damas da nobreza tiñan como función principal contraer matrimonio e ter fillos para continuar a linaxe.

### Os campesiños

Na Idade Media gran parte da poboación eran campesiños. Non todos os campesiños tiñan a mesma situación:

- **Servos** estaban sometidos completamente á autoridade do señor.
- **Campesiños libres** vivían nas aldeas e podían abandonar o feudo. Traballaban os mansos e, a cambio pagábanlle unhas rendas ao señor, pero dispoñían do resto da colleita. Tamén pagaban o **décimo** á Igrexa.

### O traballo no campo

O traballo no campo era moi duro, traballaban de sol a sol con ferramentas moi rudimenrias: fouces, gadañas, aixadas e arados romanos.

Como dispoñían só do esterco que producía o gando, era necesario deixar descansar a terra. Cada ano cultivaban só a metade da parcela e deixaban a outra metade en **barbeito**, e dicir, sen cultivar, para que a terra recuperase a súa fertilidade. Po isto os rendementos agrícolas eran moi baixos.

Cultivaban cereais: trigo, centeo, cebada...

### A vida na aldea



Os campesinos vivían en pequenas aldeas.  
Eran autosuficientes, é dicir, producían todo canto necesitaban.  
O seu nivel de vida era moi baixo.

## O poder da Igrexa

### A organización do clero

O clero estaba dividido en:

- **Clero secular** estaba formado polos cardeais, os bispos e os sacerdotes. Os bispos controlaban unha diócese.
- **Clero regular** eran as ordes relixiosas: abades, freires, monxas e monxes.

A fronte da Igrexa estab o **papa**, que gobernaba os Estados Pontificios.

### A influencia da Igrexa

A Igrexa tiña un gran poder. Gran parte das terras estaban en mans dos mosteiros que cobraban rendas aos seus servos. Ademais, os campesiños pagaban á Igrexa o décimo, é dicir, a décima parte das súas colleitas.

A vidas cotiá estaba marcada pola relixión.

A Igrexa interviña nas guerras. Establecía períodos chamados tregua de Deus, nos cales estaba prohibido loitar.

### A extensión da cristiandade

Na Idade Media, a maior parte de Europa profesaba o cristianismo. Por iso se coñecía a estes territorios como cristiandade.

As **cruzadas** eran intervencións militares organizadas polo papa e os reis para conquistar Terra Santa aos musulmáns.

### A vida no mosteiro

Os mosteiros eran lugares de oracións.

Os mosteiros era, ademáis, centros de cultura, pois os monxes copiaban a man manuscritos na biblioteca do mosteiro e decorábanos con pequenas ilustracións chamadas **miniaturas**. Sen este labor moitos antigos escritos gregos e romanos estarían perdidos.

Unicamente os clérigos e uns poucos laicos sabían ler e escribir. A maioría dos libros seguíanse escribindo en latín, que era a lingua da Igrexa.



## UNIDADE 03: O DESENVOLVEMENTO DAS CIDADES NA IDADE MEDIA

### Unha época de prosperidade

#### A expansión agrícola

A partir do século XII a produción agrícola medrou en Europa. As causas deste aumento foron:

- **O aumento da superficie cultivada.** Cortáronse bosques e desecáronse pantanos e implantouse a rotación trienal de cultivos, pola que se deixaba en barbeito só a terceira parte da parcela.
- **A introdución de novas técnicas.** Uso de arado que labra máis profundamente, estendeuse o regadío, introducíronse novos cultivos e difundíronse os muíños.

O incremento da produción agrícola permitiu dispoñer de máis alimentos e a poboación europea medrou moito.

#### O desenvolvemento do comercio e da banca

O comercio tamén experimentou un gran desenvolvemento a partir do século XII, porque o crecemento da poboación aumentou as necesidades de produtos.

Os produtos transportábanse por terra e, sobre todo, en barco a través dos principais ríos e mares. Había dúas grandes rutas marítimas:

- **A ruta do Mediterráneo.** Unía as cidades españolas e italianas cos portos musulmáns e do imperio bizantino.
- **A ruta do Atlántico e do Báltico.** Comunicaba os portos portugueses e do cantábrico coas cidades flamengas e alemás.

Os mercadores reuníanse periodicamente en **feiras**.

A expansión do comercio trouxo novas técnicas bancarias e financieras. Moitas viaxes comerciais empezaron a financiarse a crédito e para evitar roubos establecéronse as **letras de cambio**, que facía innecesario viaxar con diñeiro en metálico.

### O auxe das cidades

#### O crecemento das cidades

A partir do século XI, Europa experimentou un gran crecemento urbano.

As causas do crecemento das cidades:

- As innovacións agrícolas reduciron a necesidade de man de obra no campo. Moitos campesiños marcharon ás cidades para buscar traballo.
- Outros campesiños emigraron ás cidades para escapar da servidumbre do señor feudal.
- Os mercadores instalábanse nas cidades en busca da protección que ofrecían as súas murallas.

As cidades medievais eran pequenas e as maiores tiñan uns 50.000 habitantes: París, Bruxas, Venecia.

#### A sociedade urbana



O habitante da cidade chamábase **burgués**.

Entre os habitantes das cidades había grandes diferenzas:

- A élite estaba formada polos principais mercades e artersáns e o alto clero urbano. Uns eran moi ricos e controlaban o goberno da cidade.
- A maioría da poboación estaba formada por artesáns e tendeiros modestos.
- Por debaixo estaban os pobres e marxinados.

Nas cidades da Europa medieval a maior parte da poboación era cristiá. Pero tamén había grupos de xudeos e musulmáns, que vivían en barrios separados: as **xudarías** para os xudeos e as **mourarías** para os musulmáns.

### **O foro**

Os burgueses loitaron por obter o dereito de gobernarse a si mesmos. Cando unha cidade o conseguía, o rei concedíalles un foro, que era un documento en que se estipulaban os seus dereitos e os seus privilexios.

### **O concello**

Cada cidade tiña o seu propio goberno. Inicialmente este estaba formado por unha assemblea en que participaban todos os vecinos.

Posteriormente, as assembleas deron paso ao concello. Estaba presidido polo alcalde.

O concello ocupábase de diversos aspectos, como a seguridade, e a defensa da cidade, a recadación de impostos, o coidado das murallas ou a administración das escolas e hospitais.

## **Os artesáns e os gremios**

### **Os gremios**

A partir do século XIII a artesanía tivo un gran desenvolvemento porque o crecemento da poboación e das cidades supuxo unha maior demanda de produtos artesanais.

Os artesáns dun mesmo oficio asociáronse formando **gremios**. O obxectivo era dobre: axudarse entre eles e evitar a competencia dos que non demostraran estar capacitados para exercer.

Cada gremio elaboraba un estatuto que debían xurar todos os seus membros.

Os gremios controlaban a produción.

Ocupábanse da asistencia aos artesáns e as súas familias.

As mulleres eran admitidas nos gremios só en raras ocasións por exemplo, cando quedaban viúvas.

### **A actividade artesanal**

Os artesáns decicábanse a actividades diversas: tecedores, pandeiros, zapateiros... Todos elaboraban os seus produtos a man, coa axuda de poucas ferramentas.

Realizaban o seu traballo en pequenos **obradoiros**, situados na casa do propietario. No obradoiro tamén se levaba a cabo a venda ao público dos produtos.

Xeralmente, os artesáns que se dedicaban a unha mesma profesión vivían na mesma rúa, que acababa tomando o nome do oficio.



## Os oficios artesanais

Os artesáns seguían unha carreira profesional que constaba de tres graos:

- Cando un rapaz quería aprender un oficio, firmaba un contrato cun artesán e convertíase no seu **aprendiz**. Traballaba para el varios anos sen percibir un salario ningún.
- Tra a súa formación, o aprendiz convertíase en **oficial** e recibía un salario polo seu labor.
- Cando un oficial se instalaba pola súa conta pasaba a ser **mestre** tras realizar unha **obra mestra**. Era o dono do obradoiro, das ferramentas e das materias primas.

## A vida na cidade medieval

- As cidades medievais estaban rodeadas de altas **murallas** para protexelas.
- Os edificios máis destacados eran a **catedral**, o **concello** e os **palacios**. Tamén había **lonxas** para realizar os tratos comerciais, **hospitais** e **escolas**.
- A cidade dividíase en **barrios**.
- As rúas eran **estreitas** e **tortuosas**.
- A **praza do mercado** era un espazo aberto onde os comerciantes e campesiños montaban os seus postos de venta.
- O **ambiente** das cidades era **insán**. Poucas rúas estaban empedradas, carecían de sumidoiros e os desperdicios botábanse directamente ás rúas.
- Como as vivendas eran de madeira producíanse numerosos **incendios**.

## A renovación da cultura

### As escolas urbanas

Estas escolas dependían do bispado ou do concello:

- **Escolas catedralicias** eran as escolas que dependían do bispo. Impartíanse estudos de carácter relixioso, fundamentalmente.
- **Escolas municipais** eran as escolas creadas polo concello. Nelas estudábase materias relacionadas coa relixión, pero, ademáis impartíanse clases de lectura, escritua e contabilidade.

Estas escolas non admitían mulleres

### O nacemento das universidades

Mestres e estudantes organizáronse como un gremio. Desta forma xurdiron as primeiras universidades.

Durante o século XIII, en moitas cidades europeas creáronse universidades. Entre as universidades máis prestixiosas destacan as de Paris, Oxford e Boloña.

### As ordes mendicantes

Creáronse distintas ordes relixiosas formadas por freires que vivían en **conventos** dentro das cidades.

Estas novas ordes relixiosas tiñan como norma básica a vida na pobreza e a práctica da **mendicidade**.



Os **dominicos** e os **franciscanos** foron as ordes mendicantes máis importantes.

### **A consolidación das monarquías**

#### **O fortalecemento do poder real**

Desde o século XII os reis fortaleceron o seu poder fronte aos señores feudais. Isto foi posible grazas a varios factores:

- O crecemento das cidades
- O crecemento económico que permitiu recadar máis impostos e crear exércitos propios.
- O desenvolvemento das universidades.

Afianzáronse as grandes monarquías en Europa: Francia, Inglaterra, Portugal, Castela e Aragón.

#### **O goberno dos reinos medievais**

A partir do século XII os reis europeos comezaron a convocar **cortes ou parlamentos**. As súas funcións principais eran establecer novos impostos e aprobar gastos para pagar as guerras.

Eran moi diferentes dos parlamentos actuais.

- Só estaban representados o rei, os nobres, os clérigos e os gobernantes das cidades.
- Reuníanse cando o rei o consideraba oportuno.

#### **Os enfrontamentos entre reinos**

Moitos conflitos tiñan a súa orixe en **disputas sucesorias**; por exemplo a guerra dos Cen Anos.

Outras guerras estaban provocadas polo desexo de impoñer **fronteiras claras**.

A división da cristiandade

A cristiandade quedou dividida pois elixiron dous papas. Este enfrontamento coñécese co nome de Cisma de Occidente.

#### **A crise do século XIV**

No século XIV toda Europa sufriu unha profunda crise provocada polas malas colleitas (fames).

Foi un período de continuas guerras (guerra dos Cen Anos) e rebelións campeciñas.

En 1348 Europa sufriu unha terrible epidemia de peste negra.

A peste orixiouse en Asia, e os barcos mercantes trouxérona a Europa. As cidades foron moi afectadas.

Morreu a cuarta parte da poboación europea.

## UNIDADE 04: A CULTURA E ARTE NA IDADE MEDIA

### A arte medieval, unha arte internacional e relixiosa

#### Unha arte internacional

Desde finais do século X ata o século XV estendéronse por Europa dous estilos artísticos nados en Francia: a arte románica e a arte gótica.

- O **románico** que se desenvolveu durante os séculos XI e XII.
- Desde finais do século XII, o protagonista foi o estilo **gótico**.

#### A influencia da Igrexa cristiá

Na Idade Media, a maioría dos fieis non sabían ler nin escribir e, por tanto, non tiñan accesos aos textos sagrados. A solución que se buscou foi representalos nas igrexas en forma de relevos e pinturas. O obxectivo principal das obras de arte era promover un achegamento dos fieis a Deus.

Na arquitectura, a influencia relixiosa tamén se deixou sentir no tipo de edificios: igrexas, catedrais e mosteiros.

#### Arte rural e arte urbana

O **románico** foi o estilo artístico utilizado nos mosteiros que se expandiron por Europa durante o século XI.

O **románico** utilizouse na maioría dos edificios que se construíron ao longo das rutas de peregrinación, principalmente a Roma e a Santiago de Compostela.

O **gótico** tivo un marcado carácter urbano. Eran necesarios edificios que cubrisen as novas necesidades urbanas: lonxas, concellos, palacios, catedrais, universidades...

#### O artista na Idade Media

Na Idade Media os artistas eran considerados como **artesáns**, e tiñan pouca consideración social.

Case todos os artistas medievais son **anónimos**, pois as obras de arte realizábanse en grupo e non se firmaban.

Existen algunhas excepcións, como é o caso do **mestre Mateo**, autor do pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela, deixou neste unha inscrición co deus nome.

#### Elementos da arquitectura medieval

Os **arcos**. Son elementos construtivos con forma curva que cobren un espazo entre dous muros dous, piares ou dúas columnas. Tipos:

- **Arco de medio punto**. Ten forma de media circunferencia.
- **Arco apuntado**. Remata en punta.

As **columnas**. Son elementos circulares que soportan a estrutura do edificio. Adoitan sosterse sobre unha **base** e culminan nun **capitel**. Entre a base e o capitel encóntrase o **fuste**.

Os **piars**. Cumpren a mesma función que unha columna, pero a súa planta non é circular, senón cadrada ou poligonal.

**Contrafortes**. Son piares adosados ao muro para reforzalo.



**Arcobotantes.** Son arcos que, coma se fosen unha ponte, transmiten o empurre dunha bóveda aos contrafortes.

As **bóvedas**. Son cubertas con forma curva. Tipos:

- **Bóveda de canón.** Ten forma semicircular.
- **Cúpula.** É unha bóveda con forma de media esfera.
- **Bóveda de cruzaría.** Fórmase cando se cruzan dous arcos apuntados.

**Chapitel.** Especie de agulla de pedra na que rematan as torres.

## A arquitectura románica

### Os edificios de aspecto compacto

Os principais edificios románicos eran as igrexas, catedrais e mosteiros e construíanse en pedra.

Os canteiros recuperaron elementos romanos, como as **bóvedas de canón** e as **cúpulas**.

As cubertas descansan en **arcos de medio punto**.

Os arquitectos románicos construían muros moi grosos, reforzábanos con contrafortes no exterior e reducían tanto o número de ventás como o seu tamaño.

Os edificios mostran un aspecto moi sólido e compacto o que facía que tivesen pouca luz no seu interior.

### As igrexas románicas.

Os templos adoitan ter **planta de cruz latina** (é a planta en forma de cruz con brazos de distinto tamaño).

O brazo longo da cruz podía estar formado por unha ou varias **naves**. As naves terminaban nunha **ábsida**.

As naves centrais cubríanse con **bóvedas de canón**.

Nas igrexas que se construían ao longo das rutas de peregrinación engadiuse un corredor arredor da ábsida para que os peregrinos puidesen percorrer o altar maior por detrás. Este corredor recibe o nome de **deambulatorio**.

## A escultura románica

### Esculturas cunha función didáctica

Os edificios románicos decorábanse con esculturas que tiñan unha **función educativa e relixiosa**. Como a maioría da poboación era analfabeta, aprendían os personaxes e os temas da relixión a partir destas imaxes. As esculturas estaban pensadas para transmitir aos fieis as Sagradas Escrituras.

### Características:

- As esculturas románicas adáptanse á arquitectura.
- As figuras humanas eran esquemáticas, carecían de naturalismo.
- Estaban policromadas. Pintadas con cores fortes. Hoxe perderon as cores debido ao paso do tempo.

### Tipoloxía da escultura románica

A maior parte das esculturas románicas eran relevos, é dicir, imaxes esculpidas en diferentes lugares do templo.



A partir do século XII tamén tomou importancia a escultura exenta tallada en madeira coa representación de Cristo crucificado e a Virxe co Neno.

### **Onde se situaban as esculturas**

**Os capiteis.** Nas igrexas e nos claustros decorábanse os capiteis.

**As portadas.** Concentraban a maior parte da decoración escultórica.

A escena principal situábase no **tímpano**.

Se a porta era moi longa, colocábase no medio un **parteluz**, que tamén se decoraba.

## **A pintura románica**

### **Unha pintura relixiosa**

A maioría dos templos románicos estaban pintados tanto no exterior como no interior.

A pintura románica tiña tamén unha función relixiosa e didáctica e estaba supeditada á arquitectura. Con ela cubríanse os muros e as bóvedas. A técnica que se empregaba era o **fresco**.

Características:

- Pintábanse sobre todo **temas relixiosos**. O Pantocrátor e a Virxe co Neno.
- As figuras eran **esquemática** e en posturas ríxidas.
- Utilizábanse **cores intensas**.
- O **contorno** das figuras perfilábase cunha grosa liña negra.
- Non aparecen paisaxes de fondo.

### **Tipoloxía da pintura románica**

- A **pintura mural** é a que se sitúa sobre os muros.
- A **pintura sobre táboa** utilizábase para decorar a parte frontal dos altares e para realizar pequenos retablos.
- As **miniaturas** eran pequenas pinturas coas que se ilustraban libros.

## **A arquitectura gótica**

### **Unha nova forma de construír**

Na segunda metade do século XII xurdiu un novo estilo artístico, o **gótico**, que axiña se difundiu desde Francia por toda Europa.

- Fronte a robustez e ao predominio do muro das construcións románicas, os mestres do gótico realizaron edificios esveltos, en que as ventás gañaron terreo en número e en tamaño.
- Utilizaron o **arco apuntado**.
- A bóveda de canón foi substituída pola **bóveda de cruzaría**.
- Os piares reforzáronse no exterior con **contrafortes** e **arcobotantes**.
- Os muros adelgazáronse e puideron abrirse enormes ventás con vistosas **vidreiras** (ventás con cristais de cores) e **rosetóns** (ventás circulares).
- Conservaron a **planta de cruz latina**.

### **A catedral**



Aínda que no gótico se construíron edificios civís como lonxas, concellos ou palacios, a catedral converteuse no edificio máis representativo.

## A escultura gótica

### A busca do naturalismo

- O **naturalismo**. Os escultores tratan de crear sensación de realidade.
- As esculturas **policromábanse**.
- O triunfo da liña curva proporcionou **movemento** ás figuras
- Os **temas** seguen sendo **relixiosos**: Cristo crucificado e a Virxe co Neno cunha **función educativa**.
- Ademais das fachadas comezan a esculpirse sepulcros, retablos e tamén cadeiras dos coros.

### Tipoloxía da escultura gótica

- Os **relevos** continuaron decorando as portadas das igrexas e catedrais.
- Os **retablos** cos que se adornaban os altares.
- A **escultura funeraria**
- As **gárgolas** eran esculturas de seres fantásticos que servían para evacuar a auga da chuvia dos tellados.

## A pintura gótica

### O desenvolvemento da pintura sobre táboa

A perda de relevancia dos muros e a súa substitución por amplas ventás na arquitectura gótica provocou un considerable retroceso da pintura mural.

Os exemplos máis destacados de pintura foron as **miniaturas** que decoraban os libros e as vidreiras das catedrais.

Tamén tivo importancia a pintura sobre táboa de carácter exento, que deu lugar a retablos pictóricos.

Características:

- Os temas principais das obras pictóricas continuaron sendo os relixiosos, hai que destacar o desenvolvemento que adquiriu o retrato.
- A búsqueda do realismo e o movemento.
- Riqueza de cores, uso do dourado
- Introducción de paisaxes de fondo.
- A expresión de sentimentos.





## UNIDADE 05: AL-ANDALUS

### Da conquista de Al-Andalus ao califato

#### A conquista e o emirato dependente

No ano **711**, o reino visigodo atravesaba por unha guerra civil que enfrontaba a Rodrigo e Axila, pola sucesión ao trono. Axila pediu axuda aos musulmáns do norte de África. Os musulmáns derrotaron a Rodrigo na **batalla da Guadalete**.

En só catro anos os seus exércitos musulmáns ocuparon a maior parte da Península aínda que axiña abandonaron as terras ao norte do Sistema Central, debido ao seu clima frío.

Os musulmáns chamaron **Al-Andalus** as terras que quedaron no seu poder e estableceron a súa capital en **Córdoba**. Al-Andalus organizouse inicialmente como un **emirato dependente** do califato de Damasco, á fronte do que se encontraba o emir ou gobernador

#### O emirato independente

A dinastía Abasida fíxose co poder do islam e a familia Omeia foi asasinada en Damasco. Tan só un dos seus membros, o mozo Abderramán, conseguiu escapar e chegar ata Al-Andalus.

No século VIII proclamouse emir independente de Córdoba, co nome de Abderramán I.

#### O califato

No século X Abderramán III proclamouse califa significaba que ademáis de dirixir o goberno, era a máxima autoridade relixiosa.

O xeneral Almanzor realizou campañas de saqueo contra os reinos cristiáns do norte.

O califato de Córdoba foi o período máis brillante da historia de andalusí.

### Da fragmentación do califato ao reino nazarí

#### Os reinos de taifas

A partir do século XI o califato dividiuse en numerosos reinos ou **taifas**.

A desunión debilitounas polo que foron atacadas constantemente polos reinos cristiáns do norte. Para evitar os ataques reis das taifas pagaban **parias** (tributos) aos reis cristiáns.

#### Os imperios norteafricanos

Os **almorábides** eran do norte de África. Cruzaron o estreito de Xibraltar e chegaron á Península para frear o avance dos reinos cristiáns.

Os almorábides foron substituídos polos **almohades**, que lanzaron unha ofensiva contra os reinos cristiáns. A unión militar destes permitiu frealos na **batallas das Navas de Tolosa**. Tras esta derrota, o imperio almohade desintegrouse e os cristiáns ocuparon case toda Al-Andalus.

#### O reino de Granada

O reino de Granada converteuse no último territorio musulmán na Península.

O reino de Granada era moi débil e pagaba tributos aos monarcas casteláns.



Os Reis Católicos conquistaron en 1492.

## A vida en Al-Andalus

### Unha sociedade heteroxénea

A sociedade andalusí estaba formada por:

O **grupo máis poderoso** estaba formado polos conquistadores.

- Os **árabes** reservaron para si as mellores terras e os cargos do goberno.
- Os **bérberes** ocupaban unha posición inferior, polo que protagonizaron revoltas.

O **resto da poboación** organizábase por criterios relixiosos:

- Os **muladí** eran os cristiáns que adoptaron a relixión e os costumes do islam.
- Os **mozárabes** eran os cristiáns que continuaron practicando a súa relixión. Como non eran musulmáns, pagaban impostos.
- Os **xudeos** residían en barrios separados, as xudarías.

### Unha economía próspera

A maior parte da poboación andalusí dedicábase á agricultura. Cultivaban cereais, a vide e a Oliveira.

- Desenvolveron técnicas de regadío.
- Introduciron novos cultivos: algodón, arroz, cana de azucre...

Nas cidades desenvolveuse unha produción artesá de gran calidade

Al-Andalus foi o centro dun comercio moi activo.

## A cultura e a arte andalusí

### A arquitectura

Os arquitectos hispanomusulmáns edificaron mesquitas e os palacios.

#### Características:

- Contruíase con materiais pobres e pouco duradeiros como ladrillos, xesos...
- Estes materiais recubríanse cunha decoración abundante. Como o islam prohibe representar persoas e animais, na decoración empregaban motivos xeométricos, vexetais e inscricións con versos do Corán.
- Usaban os arcos de ferradura e polilobulados.
- Gusto pola auga: fonte, piscinas.
- Os edificios cubríanse con teitos planos e cúpulas.

**Edificios:** Xiralda e Torre do Ouro (Sevilla), Alhambra (Granada), Mesquita e Medina Azahara (Córdoba).



## UNIDADE 06: OS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS

### O nacemento dos reinos cristiáns hispánicos

#### Os núcleos de resistencia cristiá

Cando os musulmáns invadiron a península Ibérica no ano 711, moitos visigodos, fuxiron e refuxiáronse nas zonas montañosas do norte peninsular. As áreas cantábrica e pirenaica foron as únicas que eludiron o dominio musulmán. Nestas rexións xurdiron nos séculos VIII e IX os primeiros reinos cristiáns.

- Na cordilleira Cantábrica creouse o reino ástur-leonés.
- Na zona dos Pireneos formáronse o reino de Navarra e os condados aragoneses e cataláns.

Durante case oitocentos anos estes dominios cristiáns coexistiron con Al-Andalus e mantiveron estreitas relacións comerciando e intercambiando coñecementos.

#### A creación do reino ástur-leonés

Pelaio, un nobre visigodo, converteuse en caudillo dun grupo de refuxiados nas montañas asturianas. Enfrontouse aos musulmáns na batalla de Covadonga o que lle permitiu afianzar o seu poder para crear o reino de Asturias e establecer a súa corte en Oviedo.

O reino de Asturias iniciou un proceso de ampliación territorial cara o sur. A capital trasladouse a León e pasou a chamarse reino de León.

#### Da Marca Hispánica aos reinos e condados pirenaicos

A zona pirenaica formaba parte do Imperio carolinxio. Alí, Carlomagno, fundou a **Marca Hispánica**, un territorio fronterizo que tiña a misión de protexer o imperio do avance musulmán. Ao disolverse o imperio carolinxio estas rexións independizáronse e formáronse tres núcleos diferentes: Navarra, Aragón e os condados cataláns.

### Do reino de León á Coroa de Castela

#### O nacemento de castela

No século X, o reino de León viviu un período de crise. Nesta época consolidouse o poder de Castela, que era un territorio situado na parte oriental do reino.

#### A formación da coroa de Castela

Castela e León separáronse varias veces.

A unión definitiva de casteláns e leoneses produciouse no século XIII, formando a Coroa de Castela.

### Reconquista e repoboación

#### O avance dos reinos cristiáns

Desde o século IX, os reinos cristiáns lanzáronse ao un proceso de avance cara o sur. Esta expansión coñécese como **Reconquista**, pois defendían que as terras da Península eran súas por considerarse herdeiros do reino visigodo.

Este proceso foi lento e atravesou por diferentes etapas:

- **Avance ata o Douro.** Durante os séculos IX e X os reinos cristiáns avanzaron polo sur ata o val do río Douro. Esta zona non lles interesou aos musulmáns e quedara case deserta. Esta primeira expedición non tivo



carácter militar, senón que campesiños foron colonizando as terras e formando pequenas aldeas nelas

- **Conquista dos vales do Ebro e do Texo.** Os reinos cristiáns aproveitaron a debilidade das taifas para estenderse cara o sur. Para evitar os ataques os reinos musulmáns pagaban parias (cantidades de ouro) aos reinos cristiáns.
- **Conquista do val do Guadalquivir, Levante e Baleares.** Fronte ao pulo almohade os reinos cristiáns uniron as súas forzas na batalla das Navas de Tolosa na cal venceron aos musulmáns.
- **Conquista do reino de Granada.** Foi conquistado polos Reis Católicos no ano 1.492.

### **A repoboación**

Para fortalecer o control sobre os territorios conquistados, era necesario repoboalos.

### **A organización dos territorios cristiáns**

O rei era a máxima autoridade nos territorios cristiáns.

Tomaba as decisións. A corte era itinerante os conselleiros se trasladábanse a onde estaba o monarca.

Tamén dirixía o exército.

A agricultura dos territorios conquistados estaba moi atrasada e tan só era capaz de producir o que necesitaban as familias para subsistir. A actividade comercial desapareceu.

## **A coroa de Castela**

### **Goberno do reino**

Todos os territorios que formaban a Coroa de Castela tiñan unas institucións comúns e as mesmas leis.

O **rei** castelán gozaban de máis poderes ca os demais reis peninsulares. As **cortes** tiñan a función de aprobar ou negar novos impostos solicitados polo rei.

### **Economía**

A agricultura e a gandaría eran as actividades económicas máis importantes na Coroa de Castela. A agricultura estaba baseada no cultivo da vide, a oliveira e os cereais.

A gandaría dependía da cría da **ovella meiriña**. A súa la era de alta calidade e empregábase na industria téxtil ou exportábase a outros países.

Os rabaños eran trashumantes e circulaban por unha rede de camiños chamados **cañadas**: no verán trasladábanse ao norte, aos prados da cordilleira Cantábrica, e no inverno trasladábanse ao sur.

Os nobres e os cabaleiros das ordes militares eran propietarios de enormes rabaños. Os gandeiros reuníanse en asembleas, chamadas **mestas** para tratar cuestións relacionadas co seu oficio.

### **Toledo a convivencia das tres culturas**



Como consecuencia da conquista, os reinos cristiáns non tiñan unha poboación uniforme, senón que neles coexistían tres culturas: a islámica, a cristiá e a xudea. Xeralmente estas culturas non se integraban entre elas.

- Os **cristiáns** eran o grupo dominante.
- Os **mudéxares** eran os musulmáns que permanecían en territorio cristián.
- Os **xudeos** as súas relacións co resto da poboación foron tensas e en ocasións foron perseguidos.

Escola de tradutores de Toledo. Intercambio de coñecementos e de tradución ao latín de obras clásicas, árabes e xudeas.

## **A Coroa de Aragón**

### **As institucións**

A Coroa de Aragón estaba composta polos condados cataláns e os reinos de Aragón, Valencia e Mallorca. Era unha unión dinástica, pois cada territorio mantivo as súas propias leis, institucións e costumes.

Áo fronte das institucións encontrábase o rei pero o seu poder era menor ca o do rei castelán.

### **A expansión polo Mediterráneo**

Tivo unha expansión pola península Ibérica menor ca a da Coroa de Castela. Empezou unha importante expansión polo Mediterráneo.

### **Economía**

A maioría da poboación vivía da agricultura. A Coroa de Aragón mantiña fluídas relacións comerciais con moitos países.

## **O legado prerrománico e románico**

### **A arte asturiana**

Edifícios de **planta rectangular**, con **arcos de medio punto** e cubertos con **bóvedas de canón**.

### **Arte mozárabe**

O interior das igrexas presenta un aspecto oriental polo uso de **arcos de ferradura**.

### **Arte románica**

A comezos do século XI introduciuse a través dos Pireneos o estilo románico, que estaba estendéndose por Europa. Desde aí expandiuse cara o oeste seguindo a ruta de peregrinación que chegaba a Santiago de Compostela.

Consérvanse moitas construcións románicas edificadas ao longo do Camiño de Santiago, a catedral de Santiago de Compostela.

## **O legado gótico e mudéjar**

### **A arte gótica**

Catedrais de León, Toledo, Burgos.

### **A arte mudéjar**

Caracterizouse polo uso de barro cocido como material de construción. As principais construcións están en León e Teruel.



## Galicia na Idade Media

Antes de acabar a Idade Antiga, o noroeste da Península foi invadido polos suevos. Estes constituíron un reino con capital en Braga.

Tras a invasión musulmá da Península, Galicia incorporouse á monarquía astur-leonesa.

Os derradeiros reis do reino de Galicia foron:

- **García.** Chegou a ser rei de Galicia porque o seu pai (Fernando I rei de León e Castela) a súa morte dividiu o reino entre os tres fillos e a García tocoulle Galicia. Deixou de ser rei porque os outros dous irmáns puxéronse de acordo e quitáronlle o reino
- **Afonso Reimúndez.** Chegou a ser rei de Galicia porque os nobres galegos elixírono como rei en lugar da súa nai, a raíña Urraca. Deixou de ser rei cando morreu a súa nai a pasou a ser rei de Castela e León.

### Economía e sociedade

O **foro** era un contrato de arrendamento agrario de longa duración.

As **Guerras Irmándañas**. No século XV os campesiños galegos rebeláronse contra o abuso dos nobres. Henrique IV autorizou a formación dunha irmandade para restablecer a orde. Estaba formada por campesiños, xentes urbanas e membros do clero e da baixa nobreza.

A irmandade converteuse nun movemento revolucionario contra os nobres. Os irmandiños abateron fortalezas e suprimiron algún impostos e privilexios, pero foron finalmente vencidos.



## UNIDADE 07: O ESTUDO FÍSICO DE ESPAÑA E DE GALICIA

### Introdución

**Xeografía** é a ciencia que trata da descrición da Terra.

A xeografía divídese en dúas grandes ramas:

**Xeografía física** estuda as paisaxes naturais da Terra e os elementos que a forma: o relevo, as augas, o clima, a vexetación e os terreos.

**Xeografía humana** estuda como é e como se distribúe a poboación na superficie terrestre.

**Fontes para o estudo da xeografía humana:** as estatísticas, mapas e gráficos, fotografías aéreas e de satélite e sistemas de información (SIX)

### A meseta

O relevo peninsular organízase arredor da **Meseta Central**, que presenta unha elevada altitude. O Sistema Central divídease en dúas metades: a Submeseta Norte e a Submeseta Sur.

- **Sistemas montañosos interiores:** o Sistema Central e os Montes de Toledo.
- Cinco **sistemas montañosos bordean a Meseta:** O Macizo Galaico e os Montes de León polo noroeste, a Cordilleira Cantábrica polo norte; o Sistema Ibérico polo leste e Serra Morena polo Sur.
- Tres sistemas son **exteriores á Meseta:** os Pireneos (Aneto), o Sistema Costeiro-Catalán e os Sistemas Béticos (neles álzase o Mulhacén, o cume máis elevado da Península)

Entre a Méseta e os sistemas exteriores esténdense dúas **depresións:** a depresión do Ebro e a depresión do Guadalquivir.

### O relevo insular

**Baleares** é un arquipélago do Mediterráneo. O seu relevo é unha prolongación dos Sistemas Béticos

**Canarias** é un arquipélago de orixe volcánica, localízase no océano Atlántico. En Tenerife atópase o volcán do **Teide**, que é o cume máis alto de España.

### Os ríos españois

- **Vertente cantábrica:** son ríos curtos e regulares. Nervión, Nalón e Bidasoa.
- **Vertente atlántica:** son ríos longos e irregulares. Miño, Douro, Texo, Guadiana e Guadalquivir.
- **Vertente mediterránea:** son ríos curtos e irregulares; agás o río Ebro que é longo e regular. Llobregat, Ebro, Turia, Xúquer e Segura.

### O relevo e a costa de Galicia

#### As serras galegas

O conxunto das serras galegas reciben o nome de **Macizo Galaico**. As serras galegas teñen formas suaves e son de pouca elevación, froito dunha longa erosión.

- **Serras setentrionais:** serra da Faladoira e do Xistral.



- **Serras orientais:** serra dos Ancares, do Courel, do Eixe (con Pena Trevinca, o pico máis alto de Galicia) e a serra de Queixa (Cabeza de Manzaneda).
- **A dorsal galega:** serra da Loba e serra do Faro.

### **Depresións, chairas e vales fluviais**

- **Depresión:** a fosa meridiana que vai de Carballo ata Tui.
- **Chaira:** Terra Chá (Lugo)
- **Vales fluviais:** Miño e Sil.

### **A costa e as augas de Galicia**

#### **O litoral e as rías**

A costa galega é recortada. O elemento máis característico da costa galega son as rías, vales fluviais asolagados polo mar. As rías pódense agrupar en dous grupos:

- **As Rías Altas:** Ribadeo, Ortigueira, Ferrol, Betanzos, A Coruña.
- **As Rías Baixas:** Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo.

#### **Os ríos**

Os ríos en Galicia son numerosos. Son ríos curtos, pola proximidade das montañas ao mar, teñen un caudal abundante e un réxime regular. Ríos: Miño, Sil, Tambre, Ulla.

### **Os climas de Galicia**

Galicia ten un **clima oceánico ou atlántico**.

- As **temperaturas** son suaves e con poucas variacións.
- As **precipitacións** son abundantes e repartidas ao longo de todo o ano.

En Galicia distínguense catro dominios climáticos:

- **O clima oceánico típico** dáse na costa e nas súas proximidades.
- **O clima oceánico interior** dáse no centro e sur de Lugo e no sur de Ourense.
- **O clima oceánico con matiz mediterráneo** dáse nos vales do Miño e do Sil. As temperaturas son frías no inverno e altas no verán. As precipitacións son baixas, moi escasas no verán.
- **O clima de montaña** dáse nas serras orientais e nas zonas máis altas da dorsal galega.

### **As paisaxes protexidas de Galicia**

- O Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.
- A Baixa Limia-Serra do Xurés.
- O monte Aloia.
- As dunas e lagoas de Corrubedo.
- A fraga do Eume
- Os montes do Invernadeiro e a serra da Enciña da Lastra.





## UNIDADE 8: A POBOACIÓN DO MUNDO

### A dinámica da poboación. A natalidade

**Demografía** é a ciencia que estuda a poboación dun territorio.

#### A natalidade

**Natalidade** é o número de nacementos habidos nun territorio nun ano. **Taxa bruta de natalidade** que se obtén dividindo o número de nados nun ano entre a poboación dese territorio e multiplicando o resultado por mil. Exprésase en tantos por mil.

Os países europeos e os de América do Norte teñen unha taxa de natalidade moi baixa, en África e Asia encóntranse as taxas máis altas.

**O índice conxuntural de fecundidade** informa do número medio de fillos por muller.

#### Factores que interveñen na natalidade

- **Factores económicos.** A natalidade é alta nas sociedades rurais, onde os fillos traballan e colaboran no mantemento da familia desde idades temperás, mentras que nas sociedades urbanas, a natalidade é baixa porque a crianza dos fillos é máis cara.
- **Factores culturais.** Nalgunhas sociedades con fortes crenzas relixiosas, poden estar prohibidos os métodos anticonceptivos e as mulleres teñen máis fillos ca nas sociedades en que non o están.
- **Factores sociais.** Nas sociedades en que a muller se incorporou masivamente ao mundo laboral o número de fillos é menor.

#### A políticas demográficas

- En Europa tenden a aplicar políticas natalistas: favorecen a redución de horas de traballo das nais e país.
- Nos países con altas taxas de natalidade optan por políticas antinatalistas: sancionan con multas aos que teñen máis fillos dos permitidos, fomentan o uso de anticonceptivos.

#### A mortalidade e a esperanza de vida

**A mortalidade** é número de falecementos que hai nun territorio ao longo dun ano.

**Taxa bruta de mortalidade.** Obtense dividindo o número de falecidos nun ano entre a poboación dese territorio e multiplicando o resultado por mil. Exprésase en tantos por mil.

**Esperanza de vida,** que indica o que vivirá unha persoa de media.

#### Factores que interveñen na mortalidade

- A alimentación
- O acceso a servizos de hixiene e sanitarios.

#### O crecemento natural ou vexetativo

O **crecemento natural** ou vexetativo indica o incremento dunha poboación por causas biolóxicas: os nacementos e as defuncións. Para medilo utilízase o **índice de crecemento natural**, que é o resultado de restar as defuncións aos nacementos.



- O índice é moi baixo nos países desenvolvidos. A consecuencia é o envellecemento da poboación
- Nos países menos desenvolvidos é máis alto. En consecuencia, é moi numerosa a poboación nova.

### **A pirámide de poboación**

A **pirámide de poboación** é un gráfico de barras que representa a estrutura da poboación dun lugar por sexo e grupos de idades nun momento determinado.

### **Os movementos migratorios**

Os **movementos migratorios** son todos os desprazamentos de poboación que supoñen un cambio no lugar de residencia.

Chamamos **emigración** a saída de persoas dun territorio para residir noutro. A **inmigración** é a chegada de persoas a un lugar para residir nel.

### **Causas das migracións**

- **Causas socioeconómicas.** Están relacionadas coa busca de melloras laborais.
- **Causas naturais.** Están provocadas polos desastres naturais.
- **Causas políticas.** Prodúcese pola fuxida da persecución ou da represión por parte de Gobernos ditatoriais. As guerras tamén ocasionan a emigración dunha parte da poboación.

### **Tipos de migracións**

- **Migracións segundo a duración. Definitivas** que son aquelas en que o emigrante permanece no lugar de destino e non regresa ao da súa orixe, e **temporais**, se os emigrantes volven ao territorio de orixe ao cabo dun tempo.
- **Migracións segundo o destino. Exteriores** se os emigrantes se desprazan ao estranxeiro e trasladan a súa residencia a outro país; e **interiores**, cando son desprazamentos dentro do propio país.

### **As consecuencias das migracións**

#### **Consecuencias nas zonas emisoras**

- **Efectos negativos.** A poboación envellece ao emigrar as persoas máis novas.
- **Efectos positivos.** Alivia os problemas de desemprego e os emigrantes adoitan enviar diñeiro aos familiares que deixaron no seu lugar de orixe.

#### **Consecuencias nas zonas de recepción**

- **Efectos positivos.** A chegada de poboación nova e adulta aumenta a natalidade, enxuenece a poboación e fai crecer a poboación activa.
- **Efectos negativos.** Esforzos económicos para aplicar políticas de integración dos emigrantes, e poden xurdir fenómenos de marxinación e xenofobia.

### **A evolución demográfica**

#### **A evolución da poboación mundial**

Na actualidade vivimos no mundo uns 7.000 millóns de habitantes. A poboación foi aumentando ao longo do tempo.



- Ata o **século XVIII**, o crecemento demográfico foi moi lento.
- No **século XIX** coa instalación de fábricas e as melloras técnicas da agricultura acelerouse o crecemento da poboación.
- Durante o **século XX**, a taxa de natalidade descendeu e a mortalidade continuou baixando debido as medidas de hixiene, aos avances médicos e á alimentación.

### **As características da poboación nos países desenvolvidos**

- Unha poboación envellecida.
- Un saldo migratorio xeralmente positivo.
- Algúns países practican políticas de apoio á natalidade.

### **As características demográficas dos países en desenvolvemento**

- Unha elevada porcentaxe de poboación nova.
- Esperanza de vida baixa.
- Un saldo migratorio maioritariamente negativo.
- Políticas de control da natalidade.
- Un forte contraste entre as zonas agrarias e as zonas urbanas

### **A distribución da poboación mundial**

**Poboación absoluta** é dicir o número de persoas que habitan un lugar.

A **densidade de poboación**, relacióna a poboación absoluta coa superficie do territorio que ocupa. Permite saber se un territorio está pouco ou moi poado.

### **Factores da distribución da poboación**

**Físicos.** As zonas con climas temperados favorecen a vida humana. As zonas de clima extremo moi caluroso ou moi frío, moi seco ou excesivamente chuvioso, están pouco poboadas.

**Demográficos.** As zonas habitadas desde a Antigüidade acumulan maior poboación.

**Económicos e sociais.**

## UNIDADE 9: AS CIDADES

### O espazo rural e o espazo urbano

#### O espazo rural

**O espazo rural.** As actividades económicas que predominan son as agrícolas, gandeiras, forestais e pesqueiras.

Nos espazos rurais distínguense varios elementos:

- A **leira** ou **parcela** é a porción de terreo da paisaxe agraria para a súa explotación.
- Os **cultivos** a que se dedican as leiras. Unha parcela, pódese dedicar ao cultivo dun único produto (**monocultivo**) ou de varios (**policultivo**); utilizar sistemas artificiais de rega (**regadío**) ou que as plantas unicamente reciban a auga da chuva (**secaño**).
- O hábitat é a forma en que se disponen as vivenda. É **disperso** se as vivendas están diseminadas polo espazo, como nas adeas; e **concentrado** cando se agrupan, como nas vilas.

#### O espazo urbano

O **espazo urbano** está formado por cidades.

#### As cidades e o espazo urbano

Aspectos que diferencian as cidades das vilas e das aldeas:

- **Cantidade de poboación.** En España considéranse cidade as localidades que superan os 10.000 habitantes.
- **Tipoloxía dos edificios.** Nas cidades predominan os bloques de vivendas e edificios de oficinas.
- **Actividades económicas terciarias e industriais.**
- **Influencia sobre o contorno.**

#### As función e a estrutura das cidades

#### As funcións das cidades

As **funcións** das cidades son as actividades socioeconómicas que se realizan no seu espazo urbano.

- **Función industrial.** Foi a principal de moitas cidades.
- **Función cultural e educativa.** As cidades son centros educativos (universidades).
- **Función político-administrativa.** As cidades capitais dun territorio albergan as institucións de goberno.

#### A estrutura interna das cidades

- O **centro.** Adoita ser a parte máis antiga nas cidades europeas. Habitualmente concentra os monumentos e edificios históricos.
- **Os barrios residenciais.** Ocupana a maior parte das cidades e distribúense por diferentes zonas, incluída a periferia.
- **As áreas industriais.** Localízanse en polígonos industriais.



- **As áreas comerciais, de servizos e transporte.** Tenden a situarse na perifería cerca das principais vías de comunicación.

### **A forma da cidade: o plano urbano**

O **plano urbano** mostra a morfoloxía dunha cidade que nos permite coñecer como é o trazado das rúas, prazas, parques...

- **Plano irregular.** As rúas están trazadas sen orde.
- **Plano regular.** As rúas son rectilíneas e crúzanse perpendicularmente.

### **A cidade modifica o espazo**

#### **Os espazos urbanos**

- **Áreas metropolitanas.** Están formadas por unha cidade e outras localidades próximas.
- **Conurbacións.** Acollen varias cidades e áreas metropolitanas que medraron ata crear un espazo urbano continuo.
- **Megalópoles.** Son espazos urbanos continuos moi extensos.

### **As cidades en países desenvolvidos e en países en desenvolvemento**

#### **As cidades nos países desenvolvidos**

Estas cidades presentan unha estrutura bastante similar:

- O **centro histórico.** Nas cidades europeas.
- Os **ensanches** e as **zonas industriais.**
- O **CBD** nos países anglosaxóns formou outro centro que se edificou con rañaceos.
- A **periferia.** Eran barrios residenciais.

#### **As cidades nos países en desenvolvemento**

As cidades presentan a seguinte estrutura:

- Un **centro histórico.**
- Un **CBD.**
- Os **suburbios** de autoconstrución de chabolas, onde se aloxa esa multiitude pobre que chega á cidade desde o medio rural.
- Os **polígonos industriais** construídos nas aforas pola chegada de investimento dos países desenvolvidos para fabricar máis barato.

### **Os problemas das cidades**

- Os problemas de tráfico e a contaminación atmosférica
- O residuos.
- As desigualdadeas sociais: barriadas de chabolas.
- O prezo das vivendas.



## UNIDADE 10: O CONTINENTE EUROPEO. POBOACIÓN E CIDADES

### O territorio de Europa

- O continente europeo sitúase no hemisferio norte.
- Europa é un continente pequeno.
- No seu territorio distribúense 49 estado independentes.
- 28 países forman parte da UE (Unión Europea)
- Existen grandes diferenzas entre o territorio dos países europeos.

### A dinámica natural da poboación de Europa

#### A natalidade e a fecundidade

A taxa de natalidade europea é baixa.

As razóns que explican esta baixa taxa son:

- A **situación da muller**, que se incorporou ao mercado laboral.
- A **extensión dalgunhas medidas** en Europa, como o acceso aos antoconceptivos ou a legalización do aborto.
- O incremento da **porcentaxe de poboación cunha idade superior á de ter fillos**.

#### A mortalidade, a esperanza de vida e crecemento vexetativo

A taxa de mortalidade é baixa.

A esperanza de vida en Europa é elevada.

O crecemento vexetativo é baixo.

### Os movementos migratorios en Europa

#### As migracións exteriores en Europa

- **A etapa emisora de emigrantes prolongouse ata 1950.** Os destinos principais foron: Australia, para os británicos e irlandeses; Latinoamérica para os españois, portugueses e italianos; e Estados Unidos, que foi o destino ao que máis emigrantes chegaron de Europa.
- **A etapa receptora de inmigrantes a partir de 1950.**

#### As migracións intraeuropeas

Os países que forman parte da Unión Europea reciben emigrantes doutros países europeos e do resto do mundo.

### Evolución da poboación europea e o crecemento real

#### Evolución da poboación

Europa ten máis de 700 millóns de habitantes.

O crecemento da poboación europea atravesou catro fases.

- **De 1800 a 1918.** Os cambios que se produciron na agricultura e as distintas innovacións industriais deron lugar a un forte e prolongado crecemento demográfico en Europa.
- **De 1918 a 1945.** A chamada gripe española, a Primeira Guerra Mundial e a Segunda Guerra Mundial supuxeron un fortísimo castigo demográfico.



- **De 1945 ata a década dos noventa.** A partir de 1945 a poboación recuperouse.
- **Desde os anos noventa ata a actualidade.** A poboación europea estancouse.

### **A repartición da poboación europea**

#### **A distribución da poboación**

Europa ten grandes disparidades entre a poboación absoluta dos países que a forman. Os países máis poboados, a parte de Rusia, son Alemaña, Reino Unido, Francia, Italia e España.

- As maiores densidades de poboación concéntranse no sur do Reino Unido ata o norte de Italia.
- As menores densidades de poboación encóntranse no leste e no norte.

#### **As causas da distribución da poboación**

- **Causas naturais.** O medio físico afecta a repartición da poboación.
- **Causas socioeconómicas.** A poboación tende a concentrarse onde hai máis emprego.

### **A estrutura demográfica de Europa**

#### **As políticas demográficas actuáis**

O envellecemento da poboación europea xera problemas aos que os estados intentan facer fronte de tres xeitos:

- Políticas de apoio ao aumento da natalidade.
- Axustes nos sistemas de pensións de xubilación.
- Políticas de atracción controlada de poboación inmigrante

### **A poboación urbana europea**

#### **Europa, unha poboación urbana**

A poboación urbana de Europa representa case o 80% dos seus habitantes.

Máis do 35 % da poboación urbana europea reside en grande áreas urbanas, que teñen máis de 300.000 habitantes.

### **As cidades europeas**

#### **Estrutura das cidades**

- Zona histórica.
- Barrios tradicionais.
- Barrios de negocios.
- Zonas urbanas con crecemento difuso.



# UNIDADE 11. ESPAÑA E GALICIA: TERRITORIO, POBOACIÓN E CIDADES

## A organización territorial de España

O territorio de España organízase en municipios, provincias e Comunidades e Cidades Autónomas.

- **O Municipio.** É a entidade máis pequena da organización territorial. O goberno e a administración de cada municipio corresponde ao **Concello**, que está constituído por un alcalde e varios concelleiros. Todos os concellos prestan servizos básicos aos seus habitantes, como a iluminación pública, a recollida de residuos, o abastecemento de auga potable, a pavimentación das rúas...
- **A Provincia** é unha entidade formada pola agrupación dos municipios do seu territorio. En España existen 50 provincias. O seu goberno exerceo a **Deputación Provincial**.
- **A Comunidade Autónoma** está formada por unha ou varias provincias. En España hai 17 Comunidades e dúas Cidades Autónomas. Cada Comunidade Autónoma conta coa súa propia lei fundamental de autogoberno, o **Estatuto de Autonomía**.

## As institucións españolas

### España, un país democrático

A **Constitución española** foi aprobada por referendo o 6 de decembro de 1978. É a lei máis importante do Estado español. Na Constitución recóllese que España é un Estado social e democrático de Dereito.

### As institucións do Estado

As principais institucións do Estado español son:

- A **Coroa**. España é unha monarquía parlamentaria.
- As **Cortes Xerais**. Exercen o poder lexislativo. Elaboran e aproban as leis, aproban os orzamentos do Estado e controlan a actuación do Goberno. As Cortes están constituídas por dúas cámaras: o **Congreso dos Deputados e Senado**.
- O **Goberno**. Exerce o poder executivo. Está formado polo Presidente, elixido polo Congreso dos Deputados, un ou varios vicepresidentes e varios ministros.
- Os **tribunais de xustiza**. Adminstran xustiza.
- O **Tribunal Constitucional**. Vela polo cumprimento da Constitución.

### As institucións das Comunidades Autónomas

- O **Goberno Rexional**. Exerce o poder executivo na Comunidade. Compóñeno o presidente e os conselleiros.
- O **Parlamento Autonómico**. Exerce o poder lexislativo na Comunidade.
- O **Tribunal Superior de Xustiza**. Exerce o poder xudicial.

### A dinámica natural da poboación española

- A comezos de 2015, España contaba con algo menos de **47 millóns** de habitantes.





- A natalidade é baixa.
- A taxa bruta de mortalidade é baixa.
- A esperanza de vida é alta.
- O crecemento natural é moi baixo.

### **Estrutura da poboación española**

#### **A poboación segundo a actividade económica**

Segundo a actividade económica, a poboación clasifícase en **poboación activa**, dividida a súa vez en ocupada e desocupada, e en **poboación inactiva** (estudantes, xubilados, amas de casa...)

#### **A poboación por sectores de actividade**

- **Sector primario** (agricultura, gandería, pesca, minaría, forestal) descendeu progresivamente desde o século pasado. So ocupa o 4,3% da poboación activa.
- **Sector secundario** (industria). Acupa o 19,4%.
- **Serctor terciario** (servizos). Ocupa o 76,3% da poboación ocupada.

### **Os movementos migratorios en España**

- Ata a **década de 1970**, en España predominou a emigración. Os destinos foron América e os países europeos.
- Desde  **finais do século XX**, España foi un país receptor de inmigrantes.
- Nos **últimos anos**, como consecuencia da crise económica, esta tendencia freou e, incluso, inverteuse.

### **A distribución da poboación española**

#### **Unha distribución desigual**

- **Contraste entre as zonas costeiras e o interior.** En xeral, as maiores densidades de poboación danse na costa, mentres que o interior está menos poboado, coa excepción de Madrid.
- **Contraste entre as zonas urbanas e rurais.** O 75% da poboación española vive en cidades.
- **Contraste entre Comuniades.** Catro Comunidades Autónomas (Andalucía, Cataluña, Madrid e Comunidade Valenciana) concentran o 60% da poboación total de España.

### **As cidades españolas**

Na actualidade tres cuartas partes (75%) da poboación española é urbana.

As principais cidades son: Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Zaragoza e Málaga.

### **A poboación de Galicia**

#### **Trazos xerais**

- Ten case tres millóns de habitantes.
- A emigración.
- Taxa bruta de natalidade moi baixa.
- Crecemento natural negativo.



- Envellecemento.
- En relación a actividade económica ocupa máis xente no sector primario que na media do conxunto de España.

### **Unha distribución espacial desigual**

Hai concentración de poboación nas comarcas litorais e nalgúns vales do interior. As zonas do interior están escasamente poboadas.

### **As migracións**

Desde finais do século XIX ata mediados do século XX os galegos dirixíronse principalmente a América, mentras que na última metade do século XXo seu destino foron as cidades industriais españolas e europeas.

Na actualidade os galegos seguen emigrando a outras comunidades e a outros países en busca de traballo.

### **As cidades de Galicia**

- Concentración urbana arredor de dous eixes Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol.
- Dúas grandes cidades: Vigo e A Coruña.
- Cinco cidades medianas: Ourense, Santiago, Lugo Pontevedra e Ferrol.
- Numeroso conxunto de vilas: Monforte de Lemos, O Carballiño, O Barco...

### **A rede de comunicacións**

- A **rede de estradas**. Autoestrada do Atlántico que une Ferrol e Vigo, as autovías que conectan as cidades galegas coas cidades da meseta e, polo norte, con Asturias.
- **Rede ferroviaria**. Alta velocidade: A Coruña –Vigo e Ourense-Santiago.
- En Galicia hai tres **aeropostos**, en Santiago de Compostela, na Coruña e en Vigo.
- Os **portos**: Vigo e A Coruña.

- .

### **As cidades galegas**

Tipos de cidades que hai en Galicia segundo a súa función:

- **Cidade industrial**: Vigo.
- **Cidade de servizos**: A Coruña, Ourense e Santiago de Compostela por ser a capital da Comunidade Autónoma.
- **Outras cidades**: Lugo, Pontevedra e Ferrol.